

Día Internacional do Patrimonio

Arquivo do Reino de Galicia
16 de novembro de 2020

Mulleres e Patrimonio documental

O caso de
Concepción Miranda



Mulleres e patrimonio documental

O caso de Concepción Miranda

Concepción Miranda, condesa viúva da Torre, foi desposuída no ano 1808, por orde directa do presidente do Consello de Castela á Audiencia de Galicia, da tutela dos seus fillos e da administración dos seus bens e rendas, baixo a acusación de que polas súas “manías e caprichos carece de la disposición necesaria para el manejo y administración de sus rentas y vínculos, igualmente que para dar educación a sus dos hijos”.

Sen coñecermos a razón profunda que motivou esta dura decisión, a lectura do voluminoso expediente xudicial a que deu lugar achéganos á loita desigual da condesa por conservar os seus fillos e os seus bens nun mundo dominado polos homes.

Esta loita reflectida en papeis sérvenos como aproximación á realidade do patrimonio documental.

Un patrimonio que non só é historia senón que nos serve para construíla e relatala. A cuestión é: como facelo criticamente?

Aproximarémonos á resposta coa pescuda doutros documentos que contextualicen a época que viviu a condesa, sen saírmos, na medida do posible, do mundo pechado pero ao mesmo tempo aberto e universal que é un arquivo.




O PROCESO

O proceso

En realidade, a posición da condessa viúva da Torre Penela non era tan feble como pode supoñerse. Era muller, si, pero aristócrata e viúva, dúas circunstancias que tiñan grande importancia na sociedade de fins do século XVIII e comezos do XIX.

Como aristócrata titulada (condesa consorte e filla do conde de San Román), atopábase no vértice da pirámide social e gozaba de privilexios de carácter fiscal ou xudicial, entre outros. Como viúva, beneficiábase dunha lexislación paternalista que a equiparaba na práctica a calquera varón ao permitirlle independencia na xestión do seu patrimonio.



Pero, sendo isto así, é difícil concibir que un home daquel tempo fose destituído da administración dos seus bens e da tutela dos seus fillos simplemente “por sus manías y caprichos”.


Fronte a este ataque ela oporá un carácter forte e vehemente e saberá sacarlle un bo partido a esas vantaxes sociais e xurídicas das que gozaba ata conseguir o sobresemento do expediente.

Expediente general formado en virtud de orden del presidente del Consejo de Castilla para intervenir en todos los bienes y rentas de la condessa, viuda de la Torre Penela, doña María de la Concepción Miranda Gaioso y sus hijos menores

Real Audiencia de Galicia
Data: 1808/1812
Signatura: 1501/19

O proceso

Por que se inicia o expediente?



Pedimento do procurador da condesa no que alude á [boa fe sorprendida] do presidente do Consello con "siniestros informes de sus émulos" [sic]

Real Audiencia de Galicia
Data: 1809-11-13. A Coruña
Signatura: 1501/19 [folio 87]

"... se alla con la novedad de que no se le consiente con motivo de una orden, que en el tiempo que aún durava el de la tutela de dichos hijos, espidió el señor Governador ynterino del Consejo, a quien se havia sorprendido por algunos émulos de mi parte con informes siniestros, aunque sin oirla, ..."

"... de dichos sus hijos, pero queriendo parar a ella, se alla con la novedad de que no se le consiente con motivo de una orden, que en el tiempo que aún durava el de la tutela de dichos hijos, espidió el señor Governador ynterino del Consejo, a quien se havia sorprendido por algunos émulos de mi parte con informes siniestros, aunque sin oirla, ..."



"... y me acuerdo al Consejo, a quien se havia sorprendido, por algunos émulos siniformes sinietros, aung sin oirla, antes para removerla de la tutela, y para quando se le consiente con motivo de una orden, que en el tiempo que aún durava el de la tutela de dichos hijos, espidió el señor Governador ynterino del Consejo, a quien se havia sorprendido por algunos émulos de mi parte con informes siniestros, aunque sin oirla, ..."

Con moita probabilidade, este proceso xurdiu en relación co conflito que enfrentou á condessa co seu cuñado, Juan Vicente de Puga, comisario de guerra, sobre débedas que o conde tiña con el e a tutela dos seus fillos.

O proceso

A resistencia da condessa

Nos catro anos que durou o proceso, Concepción Miranda demostrou un forte carácter e unha férrea vontade para opoñerse ás ordes do xuíz interventor nomeado polo Consello: deu largas para a entrega dos documentos do arquivo, cambiou de residencia sen comunicalo, reclamou con insistencia a tutela dos seus fillos, "asaltou" casas intervidas xudicialmente e, finalmente, viaxou a Cádiz e Sevilla por dúas veces, en plena guerra, para conseguir o sobreseimento do seu expediente.



A Coruña [Visual] : [Veleiro na baía]

Colección de fotografías

Data: 1920

Signatura: 2381

Cádiz / A. Roca fc.

Colección cartográfica e iconográfica

Data: 1855

Signatura: CC 299



Nota do xuíz a unha carta da condessa na que alude ao seu "empecinamento" e o recurso que fixo á Xunta Superior do Reino

Real Audiencia de Galicia

Data: [ca. 1808-05-15. A Coruña]

Signatura: 1501/19 [folio 18]

O proceso A resistencia da condesa

"Si su extravagante conducta dio entonces motivo a aquella providencia, la observada posteriormente no solo manifiesta la justicia con que se dictó sino que la hacía acreedora a otras más serias."

bienes y rentas...
noxes. Si la extravagante conducta de la sobredha dió
entonces motivo a aquella providencia, la observada pos-
teriormente, no solo manifiesta la justicia con que se
dictó, sino que la hacía acreedora a otras mas serias.

95
Copia del Comandado del Excmo. Sr. D. sin embargo
se servirá determinar como acostumbra lo mas
justo y arreglado. Coruña 10 de Marzo
de 1810.
Mmo Señor.

97
Mmo Señor.
La copia certificada de la orden de el Sr. D. Alvar
Ellon que incluye n.º 1.º en el año de los susos
menos por que se me nombro Fues Interventor de los
bienes y rentas de la condessa...
noxe. Si la extravagante conducta de la sobredha dió
entonces motivo a aquella providencia, la observada pos-
teriormente, no solo manifiesta la justicia con que se
dictó, sino que la hacía acreedora a otras mas serias.
Dicho que...
tado de dar la el debido cumplimiento escribiendo a D.ña
Condessa, asegurandola, hallava en mi toda la prote-
ccion que era acreedora por sus circunstancias siempre
que se mostrase fiel a lo que la mandase, sin dar lugar
a procedimientos judiciales. Este ha concurrido en cumplimiento
regulares, y en digno. Comienzo al Corregidor de la Ciudad
de Oviedo para protestar las sumas de diligencias, como
resulta del auto de 29 de Mayo han sido infructuosas, por
que la Condessa en nada se opone a lo que se le manda, sino que
era visto, no solo se persigna y la de sus hijos, sino que
bien el paradero del dicitivo en donde debian existir los libros
Cobardes, y demas papeles y documentos de pertenencia que
era indispensable tener presentes, y de este modo, ha conser-
vado la soberania el dicho patrimonio de la intervencion.
En este intermedio se descubrió la perfidia de los Franceses


Minuta da representación do xuíz ao Consello de Castela na que volve cualificar de extravagante a conduta da condesa.

Real Audiencia de Galicia
Data: 1810-03-10. A Coruña
Signatura: 1501/19 [folio 92]

O proceso

O destino dos fillos

É moi ilustrativo da educación que recibía naquel tempo a nobreza. O xuíz ditamina que o fillo se coloque en Santiago de Compostela no Colexio de la Enseñanza desa cidade para aprender a ler, escribir e recibir “doutrina”.



Testemuño do auto do xuíz interventor sobre a educación dos fillos da condessa.

Real Audiencia de Galicia
Data: 1810-03-05. A Coruña
Signatura: 1501/19 [folio 88]

Santiago de Compostela:
Colegio de la Enseñanza

Colección de postais
Data: ca. 1908
Signatura: 2455

Na carta-orde que dá inicio ao expediente, xa se sinalaba cal debía ser o destino dos fillos, pero a condessa resistiuse constantemente. Trala súa primeira viaxe a Cádiz, desembarca na Coruña. Enterado o xuíz, ordena que:

brado por orden
dado dela torre d'is. Que mediante ha llegado a mi no
ticia haber arriuada a esta Ciudad procedente de
la de Cádiz. D' Estaxia de la Concepción d' Miranda
y Cayoso Condessa viuda dela torre, y sus dos hijos
menores; debia de mandar y manda que estos ul-
timos en conformidad de lo prevenido, por la supe-
ricordia, y acordado por ss. a nos de ahora, se
an conducidos inmediatamente y con la decen-
cia que corresponde a sus circunstancias, por
la persona de Confianza que ss. nombraxá
a la Ciudad de Santiago, a saber: la niña al
Combeno de la Enseñanza, y el niño a la casa
Compañía y cuydado del Presbitero D. Marcos
Parcero...
Despues de los subm'vencos




"mediante ha llegado a su noticia haber arriavado a esta ciudad procedente de la de Cádiz doña María de la Concepción Miranda... y sus dos hijos menores,... manda que estos últimos... sean conducidos inmediatamente y con la decencia que corresponde a sus circunstancias... a la ciudad de Santiago, a saber: la niña al Combeno de la Enseñanza, y el niño a la casa, compañía y cuydado del presbítero don Marcos Parcero..."

O proceso

Finalización do expediente

A condesa viaxou en dúas ocasións a Cádiz e Sevilla para solicitar do Consello o sobresemento do expediente. A primeira vez, en marzo de 1810, pero o xuíz interventor só acatará parcialmente a orde (no relativo a non molestar á condesa e aos seus fillos pero non na devolución da administración dos seus bens) ao dubidar da súa autenticidade.



Real orde do Consello Supremo de España e Indias para que o xuíz sobresea

Real Audiencia de Galicia
Data: 1812-02-24. Cádiz
Signatura: 1501/19 [folio 161]

Finalmente e tras a súa segunda viaxe, a condesa acadará a orde definitiva, non sin antes solicitar (e conseguir) por dúas veces a reforma do auto do Consello. Isto ofrece unha idea cabal do seu carácter teimoso e tamén do seu poder.




Sevilla: a Giralda. Vista parcial

Colección de fotografías
Data: ca. 1929
Signatura: 4519

O CONTEXTO HISTÓRICO

O contexto histórico



A vida de Concepción Miranda enmárcase nun contexto histórico concreto. Un tempo de ruptura, pero tamén de transición, que ven marcado por cambios políticos, xurídicos, económicos e sociais con raíces no século XVIII e desenvolvemento ao longo de todo o século XIX.

Constitución de Cádiz

Biblioteca Auxiliar

Data: edición 1820

Signatura: 15576

Árbore xenealóxica dos ascendentes de Andrés Vázquez de Sande

Real Audiencia de Galicia

Data: 1826

Signatura: RA 39

Daquela, a nobreza galega achábase ao final do seu ciclo histórico, pero aínda conservaba todo o seu poder e preeminencia social.

Tras un longo proceso que se remontaba, en xeral, ao século XVI, diversas liñaxes de moi diversa orixe, pero en xeral humilde, acumularan grandes patrimonios en terras e rendas. Ausentes do reino os grandes nobres titulados de orixe medieval, estas familias chegaron a dominar a sociedade galega en alianza coa igrexa.



O contexto histórico

Iso foi posible pola súa posición de intermediarios no sistema foral entre as institucións eclesiásticas (coas que compartían vínculos familiares e intereses) e os campesiños, pola numerosas adquisicións de terras e rendas que fixeron, pola fundación de vínculos e morgados que efectuaron e por estratexias matrimoniais precisas dirixidas a conservar e engrandecer os bens acumulados.



Santiago de Compostela: praza do Toural e pazo de Bendaña

Colección de fotografías

Data: ca. 1910-1915

Signatura: 760

[Arzúa: vista do pazo de Brandeso] / Fot. Ruíz Vernacci

Pazo de Brandeso


Data: século XX

Signatura: 29408/9-1



Algunhas destas familias conseguiran tamén títulos de nobreza, que significaban un chanzo máis alto na escala social. Así, con propiedades espalladas por diferentes partes da xeografía galega, deixaron as pousas e casas fortes que eran a orixe das súas liñaxes nas mans de administradores e fixaron a súa residencia habitual nas cidades.

O contexto histórico



Os Puga, a familia que posuía o título condal de Torre Penela, eran orixinarios de Ourense e nesta cidade tiñan dúas casas. Nelas residía Concepción Miranda no momento en que se inicia o expediente.

Ourense : *Atlas de España y sus posesiones de ultramar*. [Fragmento]

Colección cartográfica e iconográfica

Data: 1856

Signatura: MB 172



[Fragmento: Vista da cidade de Ourense] / J. Reinoso

Colección cartográfica e iconográfica

Data: século XIX

Signatura: MB 175

O contexto histórico

O territorio

Concepción era condesa viúva de Torre Penela e filla do conde de San Román, títulos ambos os dous concedidos a fins do século XVII polo rei Carlos II. Esta preeminencia social corresponderíase con outra económica, non soamente derivada da súa condición de usufrutuaria dos bens do seu marido, senón tamén de propietaria da súa dote (12.000 ducados ou 132.000 reais, unha suma moi elevada) e herdeira dos seus pais.



Non sabemos moito da base económica do condado da Torre Penela, pero no expediente menciónase que reunía varios vínculos ou morgados con rendas, propiedades e dereitos nas provincias de Lugo, Ourense, Santiago e outras.

Nas proximidades de Ourense, os condes posuían as casas de Alongos (concello de Toén) e Vilanova de Arroxo (concello de Coles) moi próximas ao río Miño. Nelas concentraban, entre outras, as rendas que percibían en viño.


Carta Geométrica de Galicia / Domingo Fontán

Colección cartográfica e iconográfica
Data: ca. 1845
Signatura: MB 84



Mapa de Orense


Colección cartográfica e iconográfica
Data: ca. 1890
Signatura: MB 173



O contexto histórico

O territorio

Ademais das posesións que tiñan nas terras da ribeira do Miño ou das súas proximidades, os condes percibían rendas do vínculo de Xocín, na terra da comarca de Allariz, e noutras máis lonxanas, noutras provincias actuais.



Plano de parte da parroquia de San Pedro de Cudeiro

Real Audiencia de Galicia
Data: 1663
Signatura: RA 56



Plano da demarcación do couto de Vilaseco (San Cristovo de Cea, Ourense)


Real Audiencia de Galicia
Data: 1773
Signatura: RA 201

O contexto histórico

O territorio

Unha das casas do condado estaba na rúa das Chousas, hoxe rúa da Liberdade, no centro do casco histórico de Ourense, conectada coa praza Maior e próxima a esta praciña da Ferrería.

Outra das casas dos condes da Torre Penela en Ourense achábase na chamada "praza da Fonte do Rei", actual praza do Padre Feixóo.



Plano que amosa a situación do "tinglado" ou alpendre construído por don Antonio Arias Enríquez na praciña da Ferrería de Ourense /José Rodríguez Figueiras

Real Audiencia de Galicia
Data: 1825
Signatura: RA 197

Ourense: monumento ao Padre Feijoo

Colección de fotografías
Data: ca. 1931-1940
Signatura: 5079




O contexto histórico

Invasión francesa

Neste contexto, producírase a invasión de España polos franceses en 1808 e, aínda que Galicia quedou libre pronto dos exércitos inimigos, os cambios políticos e a mobilización xeral de recursos que se produciu, nun tempo de crise, non deixou de afectar á economía xeral do país e dos seus habitantes.

No expediente, alúdese en diversas ocasións á situación bélica e, en concreto, á entrada dos franceses en Ourense. Unha das casas, a da rúa das Chousas, sofre importantes destrozos, e a condesa fuxe (tanto dos franceses coma do xuíz interventor) e refúxiase probablemente no seu pazo de Amarante, no actual concello de Antas de Ulla.



... pero como acaeciese la entrada de los enemigos y la suplicante, temida a su ira, le fue preciso retirarse a los montes y otros pueblos a larga distancia...

Certificado dunha das escribanías de cámara da Sala do Crime sobre querela presentada pola condesa por roubo do seu caseiro Pedro Vázquez

Real Audiencia de Galicia

Data: 1809-11-22



Signatura: 1501/19 [folio 76]

"... pero como acaeciese la entrada de los enemigos y la suplicante, temida a su ira, le fue preciso retirarse a los montes y otros pueblos a larga distancia..."

**O CONTEXTO
DOCUMENTAL**

O contexto documental

Construír a historia



Este expediente xudicial non é unha peza solitaria. Forma parte tamén dun contexto documental no que a muller non se acha representada en proporción ao seu peso numérico na sociedade. Pertence ao fondo documental da Real Audiencia de Galicia, a institución xudicial á que se encomendou a instrución daquel procedemento.


Consérvanse ademais no mesmo fondo documental outros 10 preitos promovidos por, ou nos que participa Concepción Miranda entre 1798 e 1808, algún deles estreitamente relacionados con este proceso. Este feito alértanos sobre a representatividade do seu caso en relación cos doutras moitas mulleres que nunca apareceron nos documentos (a comezos do século XIX menos do 20% dos preiteantes “particulares” da Real Audiencia eran mulleres. Destes, case o 40% correspondían a sectores privilexiados).



O contexto documental

Construír a historia

Entre os procesos do tribunal galego dos séculos XVI a XVIII, hai unha porción nada depreciábel (13 ou 14%) de preitos familiares. Deles, unha parte corresponde a litixios por cuestións de tutela ou de dote, un ámbito no que loxicamente as mulleres tiñan máis protagonismo.



O dote, considerado pola lexislación como unha especie de seguro patrimonial para a muller, convertíase moitas veces nun recurso máis da economía familiar, pero non garantizaba a autonomía daquela, dada a súa dependencia con respecto o marido.

Gabriela da Bouza, mujer de Carlos Fernández, con Gabriel do Porto y otros acreedores contra dicho Carlos Fernández, sobre preferencia en el pago de sus créditos y tercería dotal

Real Audiencia de Galicia
Data: 1828
Signatura: 12145/19



Retrato muller /Antonio Pérez
Colección de fotografías
Data: s.d.
Signatura: 28

Retrato: muller vestida de branco con sombreiro e carteira
Colección de fotografías
Data: ca. 190-?
Signatura: 5175




O contexto documental

Construír a historia

Por outra banda, custódiáanse no arquivo algúns documentos do “Vínculo de Xocín”, un dos dominios que reunía o Condado da Torre Penela.

Son documentos persoais, títulos de propiedade ou documentos de administración que non parecen diferenciarse moito doutros conxuntos documentais de orixe fidalga que custodia o arquivo.



O contexto documental

Construír a historia

Todos estes conxuntos fálannos dunha estrutura arquivística que relaciona este expediente coa totalidade do patrimonio documental. Nese patrimonio, inscríbese, xa que logo, o expediente xudicial que ten a Concepción Miranda como protagonista involuntaria.

Non hai, pois, fontes documentais específicas para estudar o papel que as mulleres, privilexiadas coma ela ou tan humildes como para pasar case desapercibidas, xogaron nas sociedades do pasado.

Corresponde ás persoas que estudan a historia investigar esas fontes documentais, analizar de forma crítica esas ausencias e presencias e valorar os seus desequilibrios, sesgos e discontinuidades.

Corresponde ás persoas que xestionan os arquivos mellorar os seus instrumentos de información e de difusión para facilitar esa tarefa.

Arquivo do Reino de Galicia

Realización: **Arquivo do Reino de Galicia**

Textos: **Gabriel Quiroga Barro**

Deseño gráfico: **Noelia Castro García**

Dixitalización: **Elisa Valcarce García**

Fotografía: **Jorge Medín Guyatt e André Gómez Santos**

Colaboracións: **Pilar Encinar Romero, Susana Quiroga Barro e Dulce Villares Cuba**

Coordinación: **Gabriel Quiroga Barro**

Dirección: **Carmen Prieto Ramos**

